



MANIFESTO

A actual pandemia da COVID-19 fixo máis profunda a situación de **vulnerabilidade social e económica na que viven millóns de persoas en España.**

As organizacións abaixo asinantes consideramos que **dispoñer dunha Renda Mínima debe ser un dereito das persoas que se atopan en situación de maior vulnerabilidade, para o desenvolvemento da vida en condicións básicas de dignidade e benestar.** É un requisito indispensable para que **persoas e familias con maiores dificultades poidan cubrir as súas necesidades, así como participar e contribuír á sociedade** na que viven. Por tanto, resulta fundamental para facer fronte á pobreza severa e poder saír da exclusión social.

O Alicerce Europeo de Dereitos Sociais define a renda mínima como a prestación adecuada que garante unha vida digna durante todas as etapas da vida, así como o acceso a bens e servizos de capacitación aos que ten dereito calquera persoa que non dispoña de suficientes recursos.

A Renda Mínima Estatal beneficiaría a millóns de persoas que antes da pandemia xa se atopaban en situación de gran precariedade, ás que se sumarían aquelas que como consecuencia da COVID-19 agora atópanse baixo o limiar de pobreza.

Actualmente, case 600.000 familias carecen de ingresos e hai que lembrar que antes da pandemia un 26% da poboación vivía en risco de pobreza e exclusión social en España, mentres a pobreza severa afectaba a máis de 2,5 millóns de persoas.

Dispoñer dun ingreso estable e de fácil acceso e xestión **permitiría reactivar o proceso de inclusión social das persoas que viven esta realidade.** E nese sentido, defendemos a **Renda Mínima Estatal como un dereito subxectivo e compatible cos sistemas de ingreso mínimo das Comunidades Autónomas,** establecendo unha base mínima, que pode ser ampliada polos gobernos autonómicos, segundo os seus criterios.

Con todo, **a defensa do dereito para saír da pobreza a través desta ferramenta, que consideramos fundamental para mellorar a vida das persoas,** está a utilizarse tamén para



fomentar **a polarización social, o discurso de odio e a aporofobia**. Producíronse reaccións que reforzan os prexuízos e discriminación sobre as persoas que poderían beneficiarse da mesma, menoscabando a súa dignidade.

Non podemos permitir un paso atrás na defensa de dereitos básicos das persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social, nin moito menos na defensa da súa dignidade.

Por ese motivo, e fronte á falsa imaxe que transmiten os prexuízos e o odio, queremos deixar claro que a renda mínima que propoñemos **non supón un gasto, senón un investimento para a inclusión social e fundamento de desenvolvemento económico sostible**. É unha medida de **eficiencia económica**, que contribuirá, nun primeiro momento, a paliar as necesidades de emerxencia das persoas en situación de maior vulnerabilidade e, a medio e longo prazo, a dar **estabilidade económica e benestar ás persoas, para que poidan alcanzar o máximo potencial do seu capital humano**.

Organizacións de acción social e cooperación ao desenvolvemento de toda España reiteramos que dispoñer dun ingreso digno é un dereito que consideramos fundamental para o desenvolvemento individual e familiar. Neste sentido, a Renda Mínima estatal debe:

- **Eliminar a pobreza severa e reducir a pobreza relativa**, proporcionando ós fogares sen ingresos ou con ingresos por debaixo do limiar da pobreza, unha renda que lles permita saír de tal situación.
- **Eliminar a pobreza infantil** mediante un complemento por fillo/a a cargo, para todos os fogares que estean por debaixo do limiar da pobreza.
- **Asegurar unha vivenda digna para os fogares en pobreza**, mediante un complemento por vivenda, nos casos nos que non se dispoña dunha axeitada.
- **Incrementar a inclusión social, establecendo itinerarios sociolaborais personalizados**, con perspectiva de xénero, para favorecer a reincorporación ao mercado de traballo das persoas beneficiarias que estean en condicións de traballar.
- Debe ser un sistema áxil e accesible que permita que calquera persoa que o precise poida acceder e desenvolver o proceso de solicitude sen trabas burocráticas, e asegurando que se dispón dos apoios necesarios para atender calquera dificultade de comprensión e conexión dixital.



A **exclusión social e a desigualdade en España constitúen problemas profundos e multidimensionais**, que requiren dunha acción política decidida para ser erradicadas. Chegou a hora de concretar accións que cambien **positiva e eficazmente** o destino de millóns de persoas. **Unha Renda Mínima Estatal é máis necesaria que nunca.**

Pon os teus prexuízos en corentena. Defendemos o dereito das persoas á garantía de ingresos para unha vida digna. Actívate contra a Pobreza.

#RendaMínimaSí